

## Índices de valor unitario para o comercio exterior. Referencia 2005.


Febreiro 2011

### NOTA DE PRENSA

#### En febreiro de 2011 os prezos dos bens exportados aumentaron en termos interanuais un 4,4% e os dos bens importados un 15,5%

Segundo os datos da operación “Índices de valor unitario para o comercio exterior”, elaborada polo Instituto Galego de Estatística, os prezos dos bens exportados na Comunidade Autónoma de Galicia aumentaron un 4,4% en febreiro de 2011 con respecto ao mesmo mes do ano anterior. Para os bens importados, os prezos aumentaron un 15,5%.

No que vai de ano (ata febreiro), os prezos dos bens exportados medraron un 4,2% e os dos bens importados un 14,1%.



FONTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior

#### Clasificación por destino económico dos bens

Atendendo á clasificación por destino económico, a variación interanual dos prezos das exportacións de bens de equipo foi do 16,2%. Os prezos dos bens de consumo aumentaron un 15% e o dos bens intermedios diminuíron un 11%.

Nas importacións, os prezos dos bens de consumo medraron un 17,8%, os dos bens intermedios un 14,5% e os dos bens de equipo un 6,1%.

## Índices de valor unitario para o comercio exterior. Febreiro 2011

Índice xeral e clasificación por destino económico dos bens

EXPORTACIÓNS	Variación sobre igual período ano anterior (%)		IMPORTACIÓNS	Variación sobre igual período ano anterior (%)	
	No mes	No que vai de ano		No mes	No que vai de ano
<b>ÍNDICE XERAL</b>	<b>4,4</b>	<b>4,2</b>	<b>ÍNDICE XERAL</b>	<b>15,5</b>	<b>14,1</b>
Bens de consumo	15,0	14,6	Bens de consumo	17,8	12,5
Bens de equipo	16,2	16,1	Bens de equipo	6,1	7,0
Bens intermedios	-11,0	-10,4	Bens intermedios	14,5	14,8

FONTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior

NOTA: datos provisionais

### Clasificación por orixe/destino xeográfico

Por destino xeográfico das exportacións de bens, produciuse un incremento interanual do 5,6% para os países pertencentes á Unión Económica e Monetaria, do 3,7% para a UE-25 e do 3,3% para a OCDE. Para os países non pertencentes á OCDE o incremento foi do 11%.

Por orixe dos bens importados, os prezos dos bens procedentes de países pertencentes á OCDE aumentaron un 8,1% e os procedentes do resto de países un 31,1%.

## Índices de valor unitario para o comercio exterior. Febreiro 2011

Clasificación por orixe/destino xeográfico

EXPORTACIÓNS	Variación sobre igual período ano anterior (%)		IMPORTACIÓNS	Variación sobre igual período ano anterior (%)	
	No mes	No que vai de ano		No mes	No que vai de ano
UEM	5,6	5,2	UEM	10,1	7,3
UE-25	3,7	3,3	UE-25	4,0	1,9
OCDE	3,3	2,9	OCDE	8,1	7,8
Resto de países	11,0	12,0	Resto de países	31,1	28,4

FONTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior

NOTA: datos provisionais; UEM: Unión Económica e Monetaria

Información detallada:

[http://www.ige.eu/web/mostrar\\_actividade\\_estadistica.jsp?idioma=gl&codigo=0307004002](http://www.ige.eu/web/mostrar_actividade_estadistica.jsp?idioma=gl&codigo=0307004002)

Pódese consultar a metodoloxía da estatística en:

[http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met\\_ivus\\_ref\\_2005\\_ga.pdf](http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met_ivus_ref_2005_ga.pdf)

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística

Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)

Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>

Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)

FAX: 981.54.13.23

Notas de prensa en : <http://www.ige.eu>